



## Escolarización do alumnado para o vindeiro curso 2012-2013

A admisión do alumnado neste Centro para o curso 2012-2013 axustarase á lexislación en vigor e instrucións que se indican:

### 1. Normativa reguladora de admisión

1. Decreto 30/2007, do 15 de marzo. (DOG 16/03/2007).
2. Orde do 17 de marzo de 2007. (DOG19/03/2007).
3. Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos (25/2/2012).

### 2. Oferta de postos escolares dispoñibles

Educación Infantil		Educación Primaria	
Curso	Vacantes	Curso	Vacantes
4º (3 anos)	<b>22 (3)*</b>	1º	<b>0</b>
5º (4 anos)	<b>2</b>	2º	<b>0</b>
6º (5 anos)	<b>2</b>	3º	<b>0</b>
(*) Postos escolares a disposición da Comisión de Escolarización da Xefatura Territorial da Consellería para a escolarización do Alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (ANEAE). (Art. 15º da Orde do 17/03/2007. DOG do 19/03/2007)		4º	<b>5</b>
		5º	<b>4</b>
		6º	<b>1</b>

### 3. Área de influencia e IES de adscrición do centro

A área de influencia deste Centro ao obxecto de aplicar a puntuación que corresponda por proximidade do domicilio é o que figura no plano exposto neste taboleiro. Aos efectos de continuidade dos estudos de ESO o Centro está adscrito ao **IES "Monte das Moas"**.



#### **4. Prazo de presentación de solicitudes**

As solicitudes de admisión (modelo oficial a recoller en Conserxería), deberán ser presentadas na Secretaría do Colexio en calquera dos días lectivos do 1 de marzo ata o 10 de abril (ambos inclusive) en horario de 9:00 a 9:50 de luns a venres, debendo ir acompañadas da copia do DNI do alumno ou da copia do libro de familia.

*“No caso de separación legal dos proxenitores, a solicitude de admisión e, se é o caso, a de cambio de centro educativo (por ser actos de exercizo extraordinario da patria potestade), terá que asinarse polos dous proxenitores, agás que aquel que formalice a instancia teña atribuída a patria potestade con carácter exclusivo mediante resolución xudicial, que se presentará coa solicitude para o seu cotexo polo centro educativo.” (Inst. 12/2/2012).*

#### **5. Documentación xustificativa dos criterios de baremación alegados**

Naqueles cursos nos que exista máis demanda que oferta de postos escolares, os pais, nais ou tutores legais do alumnado afectado presentarán no Centro, do 10 ao 20 de abril (ambos inclusive), a documentación xustificativa dos méritos por eles alegados para a aplicación dos criterios de admisión do alumnado, xunto cunha fotocopia do anexo II presentado anteriormente.

A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

#### **6. Publicación da listaxe do alumnado admitido**

- **Antes do 30 de abril.** Publicación da resolución provisional de alumnado admitido e non admitido. A listaxe ou listaxes que se publiquen terán carácter provisional e poderán ser obxecto de reclamación ante o consello Escolar do Centro *no prazo de cinco días hábiles*.

- **Dentro dos 10 días seguintes ao da publicación da resolución provisional,** e unha vez resoltas as posibles reclamacións presentadas, farase pública a resolución definitiva de alumnado admitido e non admitido. Contra esta resolución poderase presentar recurso de alzada ante a Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes.

#### **7. Prazo para a formalización de matrícula**

O alumnado admitido no Centro formalizará a súa inscrición na Secretaría do Centro do 20 ao 30 de xuño. Se finalizado o prazo de matrícula non se formalizase ésta, o alumno perderá o dereito á praza.



## **8. Servicios complementarios**

- Programa madrugadores (Varias modalidades. Organizado e xestionado pola ANPA do centro). (En trámite a solicitude de madrugadores con desayuno en función do número de peticións).
- Servizo de comedor (Varias modalidades. Organizado e xestionado pola ANPA do centro).
- Programa Luditarde (En horario de tardes. Organizado e xestionado pola ANPA do centro).
- Programa de ocio educativo (Organizado e xestionado pola ANPA do centro en colaboración co Concello). Inclúe tres bloques de actividades:
  - Matemáticas recreativas.  
Aprendo a aprender.  
Obradoiros de lectura galega e castelán.
- Clic English (Organizado e xestionado polo Concello en horario de tardes contando coa infraestructura do proxecto Abalar do centro).

## **9. Aviso importante**

Cada solicitante poderá presentar unha única solicitude, relacionando nela por orde de preferencia ata seis centros nos que solicita praza. Esta única instancia será entregada só no centro que solicita en primeiro lugar.

A Coruña, 27 de febreiro de 2011